



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**Instituto Educación Secundaria de Beade**

Camión do Outeiro, 10 - 36312 Beade – VIGO

NIF: Q-8655253-F - Telf. 886 111 030

ies.beade@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/>

## **ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR**

### **CONVOCATORIA RENOVACIÓN PARCIAL**

De conformidade co indicado na Resolución do 19 de setembro do 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG nº 187 do 30 de setembro do 2022), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme ao establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto) corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous alumnos/as**.
2. O censo electoral provisional do alumnado estará exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da entrada do Centro.
3. As candidaturas correspondentes poderanse presentar en dirección a partir do día da data ata as 14:00 horas do día 18 de novembro, así como posibles reclamacións ao censo electoral.
4. A mesa electoral estará formada polo Director do Centro, que actuará como presidente, e dous alumnos designados por sorteo, actuando como secretario o alumno de menor idade.
5. Cada alumno fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **un menos** da lista de candidatos/as (de presentarse 4, só poderá elixir 3 como máximo; de presentarse 3, só poderá elixir 2 como máximo...) O voto será directo, secreto e non delegado.
6. As eleccións do sector do Alumnado realizaranse o ***martes 29 de novembro de 2022***: o profesorado que teña clase na primeira hora subministrarlle as papeletas ao alumnado, que estarán dispoñibles na sala de profesorado. Ao longo da mañá a mesa electoral pasará polas aulas para levar a cabo a votación.
7. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

IES BEADE, 3 de novembro do 2022

O director do Centro e presidente da Xunta Electoral,

Asdo.: Xosé Alfredo Naz Fernández

